



Que debo facer se noto algún destes síntomas?

Non agardes a que che pase.
Non agardes a que che dea hora o teu médico.
Non te automediques.
Non teñas medo de pedir axuda por non molestar.

ACTÚA CON URXENCIA!

- Chama inmediatamente ao **061** e informa de como estás.
- Avisa a un familiar para que vaia contigo.
- Apunta a hora de comezo dos síntomas.

Podo previlo?

É importante manter controis médicos periódicos:

- + Da tensión arterial.
- + Do colesterol.

É recomendable vivir con hábitos saudables:

- + Mantén unha dieta equilibrada.
- + Evita a obesidade.
- + Practica exercicio con regularidade.
- + Evita o tabaquismo e o consumo de drogas.
- + Limita o consumo de alcol.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL



FEGADACE

Federación Galega de Dano Cerebral

Casa das Asociacións de Benestar. Rúa Manuel María, 2, piso 2, despacho 2. 15705 Santiago de Compostela | 659 177 709 | fegadace@fegadace.org | www.fegadace.org |

FEDACE

Federación Española de Daño Cerebral

Rúa Pedro Teixeira 8, planta 10. 28020 Madrid | 914 178 905 | info@fedace.org | www.fedace.org |

Asociacións de FEGADACE:

ADACE Lugo (Asoc. de Dano Cerebral de Lugo) Telf.: 982 243 503

ADACECO (Asoc. de Dano Cerebral da Coruña) Tel.: 981 240 899

ALENTO (Asoc. de Dano Cerebral de Vigo) Tel./Fax: 986 229 069

RENACER (Asoc. de Dano Cerebral Adquirido de Ourense) Tel.: 988 225 056

SARELA (Asoc. de Dano Cerebral de Compostela) Tel.: 981 577 037

NO CASO DE URXENCIA, CHAMA AO 061 OU AO 112.

ICTUS

O QUE HAI QUE SABER




ICTUS

Que sabes do ICTUS?

FEGADACE
FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL

ICTUS

Cuestionario



1) Sexo:

M

H

2) Idade estimada

Entre 18 e 30 anos	
Entre 31 e 50 anos	
Entre 51 e 65 anos	
Maior de 65 anos	

3) Sabe o que é o ictus?

SI

NON

4) Coñece, na súa contorna, alguma persoa que tivese sufrido un ictus?

SI

NON

Indique se é amigo ou familiar:

5) Pode indicar cales dos seguintes síntomas se teñen ao sufrir un ictus?

SÍNTOMA	SI
Perda de forza ou de sensibilidade na metade do corpo	
Perda total ou parcial da visión ou visión borrosa	
Dor de costas	
Dor de cabeza moi intensa, de comezo brusco	
Moita sede	
Dificultade para falar ou para entender cando che falan	

6) Coñece alguma medida de prevención do ictus?

Por favor, indique as que coñece:

SI NON

7) Sabe a que teléfono chamar no momento do ictus?

SI NON

Que é o ICTUS?

É a principal causa de **Dano Cerebral Adquirido** (DCA).

Prodúcese pola interrupción, máis ou menos repentina, do fluxo sanguíneo nunha zona do cerebro. O resultado é a perda de capacidades asociadas á zona afectada, cunhas consecuencias mortais nun 20% dos casos, e de discapacidade grave nun 44% das persoas que sobreviven.

Os ictus son tamén coñecidos como accidentes cerebrovasculares (ACV). Outros termos como infarto cerebral, embolia ou apoplexía refirense a tipos ou cadros clínicos resultado do ictus.

Hai dous grandes tipos de ictus: os isquémicos, producidos por unha obstrución de vasos sanguíneos que impide a irrigación sanguínea nunha parte do cerebro; e os hemorráxicos, causados pola rotura de ramas arteriais e a conseguinte hemorragia cerebral.

Podería pasarme?

- Ningún está libre.
- É a primeira causa de morte nas mulleres e a segunda nos homes.
- É unha das principais causas de discapacidade entre adultos.
- En España máis de **300.000** persoas viven con discapacidade como consecuencia do ICTUS.
- O 54% son mulleres e o 46% homes.
- O 25,5 % son menores de 65 anos.

Como se manifesta?

Os primeiros síntomas son variados e dependen da zona do cerebro lesionada. Preséntanse de súpeto, e poden durar dende escasos minutos até varias horas.

ALERTA MÁXIMA SE NOTAS!

- Perda de forza ou de sensibilidade na metade do corpo.
- Perda total ou parcial da visión ou visión borrosa
- Dificultade para falar ou para entender cando están a falar.
- Dor de cabeza moi intensa, de comezo brusco e distinta da habitual.

A familia perante o ICTUS

Cando se produce un ictus, a familia da persoa afectada tamén sofre as consecuencias e xoga un papel fundamental no proceso de rehabilitación

e integración.

No hospital:

- En urxencias:

Pídelle ao/a especialista responsable (normalmente o/a neurólogo/a) información sobre a evolución do teu familiar. Estás no teu dereito.

- Mentre permanece ingresado/a en planta:

- Pregunta se hai no hospital un profesional para contacto con familias de persoas que teñan sufrido un ICTUS (enfermeiro/a, psicólogo/a...)
- Pide información ao/a profesional de referencia sobre as secuelas e as súas consecuencias.

- Solicita información sobre a rehabilitación axeitada (físico-motora, da linguaxe, cognitiva...) e, unha vez que o/a especialista o prescriba, procura que comece o antes posible.

- Infórmate sobre recursos especializados en Dano Cerebral para seguir coa rehabilitación tras a alta.

- Contacta coa asociación de dano cerebral adquirido (DCA) que teñas más perto.

- Despois da alta hospitalaria:

- Solicita o informe médico detallado: atencións recibidas, estado actual, necesidades e pautas de rehabilitación, axudas técnicas que va precisar...
- Se o afectado/a é derivado/a a algún outro centro para rehabilitación, infórmate sobre o seu funcionamento e servizos.
- Solicita e toma nota dos controis e seguimento da evolución dende o Servizo Galego de Saúde.

Volvendo á casa:

O tratamento de rehabilitación do DCA debe continuar, en moitos casos, despois da alta hospitalaria. Actualmente non hai cobertura suficiente na sanidade pública para garantir esta rehabilitación especializada, e o tratamento en centros privados é custoso pola cantidade de especialistas que interveñen no proceso.

É o momento de:

- Asesorarte sobre os teus dereitos: Infórmate sobre a cobertura da túa póliza.

- Pide cita cos servizos sociais da zona, para comezar a tramitar:

- Axudas técnicas e aparatos ortoprotésicos.
- Reformas na casa e/ou zonas comúns para facelas accesibles.
- Axudas para transportes.
- Axuda no fogar e/ou teleasistencia.

- Comeza a tramitar:

- Certificado de discapacidade.
- Incapacidade laboral.
- Pensións.
- Valoración da dependencia (Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia).

É IMPORTANTE:

A familia perante o ICTUS

Cando se produce un ictus, a familia da persoa afectada tamén sofre as consecuencias e xoga un papel fundamental no proceso de rehabilitación

e integración.

No hospital:

- En urxencias:

Pídelle ao/a especialista responsable (normalmente o/a neurólogo/a) información sobre a evolución do teu familiar. Estás no teu dereito.

- Mentre permanece ingresado/a en planta:

- Pregunta se hai no hospital un profesional para contacto con familias de persoas que teñan sufrido un ICTUS (enfermeiro/a, psicólogo/a...)

- Pide información ao/a profesional de referencia sobre as secuelas e as súas consecuencias.

- Solicita información sobre a rehabilitación axeitada (físico-motora, da linguaxe, cognitiva...) e, unha vez que o/a especialista o prescriba, procura que comece o antes posible.

- Infórmate sobre recursos especializados en Dano Cerebral para seguir coa rehabilitación tras a alta.

- Contacta coa asociación de dano cerebral adquirido (DCA) que teñas más perto.

- Despois da alta hospitalaria:

- Solicita o informe médico detallado: atencións recibidas, estado actual, necesidades e pautas de rehabilitación, axudas técnicas que va precisar...

- Se o afectado/a é derivado/a a algún outro centro para rehabilitación, infórmate sobre o seu funcionamiento e servizos.

- Solicita e toma nota dos controis e seguimento da evolución dende o Servizo Galego de Saúde.

Volvendo á casa:

O tratamento de rehabilitación do DCA debe continuar, en moitos casos, despois da alta hospitalaria. Actualmente non hai cobertura suficiente na sanidade pública para garantir esta rehabilitación especializada, e o tratamento en centros privados é custoso pola cantidade de especialistas que interveñen no proceso.

É o momento de:

- Asesorarte sobre os teus dereitos: Infórmate sobre a cobertura da túa póliza.

- Pide cita cos servizos sociais da zona, para comezar a tramitar:

- Axudas técnicas e aparatos ortoprotésicos.
- Reformas na casa e/ou zonas comúns para facelas accesibles.
- Axudas para transportes.
- Axuda no fogar e/ou teleasistencia.

- Comeza a tramitar:

- Certificado de discapacidade.
- Incapacidade laboral.
- Pensións.
- Valoración da dependencia (Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia).